

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE MARZO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:10 horas do día 13 de marzo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 9 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Ignacio S. Ojea Pérez (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 4b e 4c)
D. Rubén Peña Barceló (asiste ao punto 4a)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Fernando Carballo Villar (asiste ao punto 11a)
D. Luis Rodríguez Cadarso de la Peña (asiste aos puntos 2b e 4d)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 4b, 4c, 8b, 9b e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Aprobación da acta da sesión do 27 de febreiro de 2017

Apróbese a acta da sesión do 27 de febreiro de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Aprobación da acta da sesión do 6 de marzo de 2017

Apróbese, con correccións, a acta da sesión do 6 de marzo de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "VIGO EN INGLÉS 2017" (18.373-332)

Ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Outorgar un prazo de tres días hábiles ao único licitador presentado, NEW LINK



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EDUCATION, S.L., para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, deberá achegar a documentación esixida no apartado 6C do Anexo I do PCAP (“Os licitadores deberán presentar documentación demostrativa de que os centros escolares de destino ou High Schools en Inglaterra propostos están autorizados e recoñecidos polos organismos oficiais competentes de cada país, e acreditar fidedignamente que estarán a disposición do licitador no caso de resultar adxudicatario. Dita documentación, a efectos de poder ser valorada, deberá ser achegada polo licitador, acompañada dunha tradución literal e fidedigna do seu contido”).

b) Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19840-240)

Ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- b) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 - 1. ANA VÁZQUEZ GIL
 - 2. RESTAURACIÓN A-52, S.L.
 - 3. UTE VIGO VIWES, S.L. e CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE do 95% - 5%, respectivamente)
 - 4. VIGO EVENTOS, S.L.
 - 5. OH VIGO, S.L.

- c) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores, e polos seguintes motivos, para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - 1. MONTAS Y CREPPS, S.L.: deberán declarar a solvencia técnica
 - 2. ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.: deberán declarar a solvencia técnica. Así mesmo, ao manifestar que pertence a un grupo de empresas, deberá relacionar as outras empresas do grupo que participan nesta licitación (tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares) ou, no seu caso, indicar que ningunha delas concorre.
 - 3. ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA: deberán declarar a solvencia técnica
 - 4. DRINKS ATLANTIC, S.L.: deberán declarar a solvencia técnica. Así mesmo, ao manifestar que pertence a un grupo de empresas, deberá relacionar as outras empresas do grupo que participan nesta licitación (tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares) ou, no seu caso, indicar que ningunha delas concorre.
 - 5. RESTAURATLANTIC 2016, S.L.: deberán declarar a solvencia técnica. Así mesmo, ao manifestar que pertence a un grupo de empresas, deberá relacionar as outras empresas do grupo que participan nesta licitación (tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ou, no seu caso, indicar que ningunha delas concorre.

6. CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.: deberán declarar a solvencia técnica e a solvencia económica

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "VIGO EN INGLÉS 2017" (18.373-332)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a requirir ao único licitador presentado a emenda da documentación persoal.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "ximnasia para persoas maiores" (15.315-333)

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo
PABLO CASAL NUÑEZ	34€ sen IVE (IVE 7,14€)
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	34,79€ con IVE
SENES CIT, S.L.	32,67€ con IVE
MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.	32,42€ con IVE

Non presentan o orzamento desglosado esixido na cláusula 13.5c do prego de cláusulas administrativas particulares SENES CIT, S.L. e MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.

Asisten á apertura D^a. Lucía Becerra Portela, con DNI 53.195.281-F, en representación de SERVIPLUSTOTAL, S.L.; D. Carlos García Anllo, con DNI 44.446.663-Z; e D. Diego López González, con DNI 53.178.424-D, en representación de MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor e requirir a SENES CIT, S.L. e MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. a presentación do orzamento desglosado esixido na cláusula 13.5c do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)



En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Prezo
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	536.127,48 €
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	556.349,57 €
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	547.259,40 €
CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	587.118,85 €
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	537.922,95 €
HIDROMIÑO, S.L.	562.700,82 €
AVAN INTEGRAL, S.L.	567.369,00 €
CIVIS GLOBAL,S.L.U.	558.750,17 €
C.D. INDEPO, S.L.	572.396,55 €
ORECO, S.A.	587.118,85 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	525.713,76 €
UTE COPCISA, S.A. - ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	586.975,21 €
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.	531.459,25 €
OGMIOS PROYECTO, S.L.	546.920,00 €
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	563.777,73 €
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	550.706,71 €
UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	565.930,00 €
UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	578.140,00 €
UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	581.517,53 €
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	612.901,80 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	530.525,61 €
NAROM, S.L.	567.009,58 €
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	637.320,19 €
EXTRACO, S.A.	545.032,40 €
MISTURAS, S.A.	538.424,59 €
HORDESCON, S.L.	568.805,05 €
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	551.518,00 €
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	661.092,24 €
UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. - REYCONS, S.L.	580.080,60 €

O presidente informa ao público asistente dos licitadores que pertencen ao mesmo grupo de empresas, así como do licitador non admitido pola Mesa por non cumprir os requisitos de presentación da documentación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Asisten á apertura D. Carlos García Anllo, con DNI 44.446.663-Z, en representación de EXTRACO, S.A.; D. Yeray Pazos Díaz, con DNI 77.414.299-W, en representación de COPCISA, S.A.; e D. Manuel Alonso Vasconcellos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Prezo
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	626.469,08 €
ORECO, S.A.	644.627,61 €
UTE DEMAÍN OBRAS Y SERVICIOS, S.L. e HIDROMIÑO, S.L.U.	627.294,25 €
CIVIS GLOBAL, S.L.	600.882,37 €
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A.	643.884,75 €
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	656.513,18 €
UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJÓ, S.A.	582.475,75 €
UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. e CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	644.875,22 €
ORESA, S.L.	625.643,69 €
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	624.405,62 €
UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA)	664.436,91 €
CONSTRUCCIONES OREGA SL	642.316,52 €
ELSAMEX, S.A.	647.929,15 €
COPCISA, S.A.	640.748,29 €
UTE ACEVI, S.L. e ALVAC, S.A.	635.520,00 €
UTE SIELVIGO, S.L. e MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	659.999,34 €
UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. E C.R.C. OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	618.051,06 €
UTE NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. e MONCOSA OHS, S.A.	580.990,24 €
MISTURAS, S.A.	628.366,31 €
EXTRACO, S.A.	637.610,71 €
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	631.999,18 €

O presidente informa ao público asistente dos licitadores que pertencen ao mesmo grupo de empresas, así como das exclusións acordadas pola Mesa ata este momento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asisten á apertura D. Carlos García Anllo, con DNI 44.446.663-Z, en representación de EXTRACO, S.A.; D. Yeray Pazos Díaz, con DNI 77.414.299-W, en representación de COPCISA, S.A.; e D. Manuel Alonso Vasconcellos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19840-240)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b outorgar a varios licitadores un prazo para a emenda da documentación persoal.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 20 de febreiro de 2017, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co seguinte licitador:

1. AURORA, PILAR Y ANA, S.L.

Durante o prazo concedido, o anterior licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 9 de marzo de 2017 o técnico de Actividades Culturais e Educativas emitiu informe sobre a xustificación presentada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento do licitador AURORA, PILAR Y ANA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3401-321) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 6 de marzo de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) (informe sobre B e proposta clasificación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 10 de marzo de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”* das ofertas reformuladas, así como o *“informe sobre o cumprimento das características en materia PRL solicitadas no prego técnico selección vestiario 2015 para as prendas presentadas polos licitadores Costa Oeste e Peycar segundo a reformulación da oferta realizada”*, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de recursos Humanos e Formación o 27 de febreiro de 2017.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4095-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 9 de marzo de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

d) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (informe sobre C)

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 9 de marzo de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3401-321) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 6 de marzo de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) (informe sobre B e proposta clasificación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 10 de marzo de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”* das ofertas reformuladas, así como o *“informe sobre o cumprimento das características en materia PRL solicitadas no prego técnico selección vestiario 2015 para as prendas presentadas polos licitadores Costa Oeste e Peycar segundo a reformulación da oferta realizada”*, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de recursos Humanos e Formación o 27 de febreiro de 2017.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4095-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

440) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 9 de marzo de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

d) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (informe sobre C)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 9 de marzo de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión do licitador UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de febreiro de 2017, previa aceptación do informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 1 e 2 de febreiro de 2017, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8.A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (*“Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 150.4 do TRLCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 15*), de conformidade co previsto no artigo 150.4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Segundo.- Excluír ao licitador AURORA, PILAR Y ANA, S.L. deste procedemento por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado no prazo concedido, de acordo co informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 9 de marzo de 2017.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello na seguinte orde descendente:

LICITADOR	TOTAL
-----------	-------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	99,50
2	ARASTI BARCA, S.L.	81,97
3	CLECE, S.A.	87,96
4	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	52,03

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 629,44 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Roupa de traballo/prendas de protección EPI”

	Licitadores	Puntuación
1º	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	91,20 puntos
2º	COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.	86,60 puntos

- Lote 2 “Uniformidade xeral”

	Licitadores	Puntuación
1º	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	94,60 puntos
2º	COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.	93,00 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (1 e 2), PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7173-612)

A Mesa acorda deixar este asunto pendente de estudo.

13.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto o 24 de febreiro de 2017 por D. Angel González Barciela, en representación de Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales, S.L., contra a adxudicación deste procedemento.

14.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)

A secretaria informa aos membros da Mesa da documentación presentada pola adxudicataria deste procedemento, EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., en contestación ao requirimento formulado no punto 2 do acordo de adxudicación, notificado o 23 de febreiro de 2017 (pólizas de seguro esixidas na cláusula 23 do PCAP).

b) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

bolboretario de Vigozoo (7172-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo.

Concorreron a esta licitación, segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral, os seguintes licitadores:

1. CLAUDIO ABALO CARRERA
2. DIEGO BALLESTEROS PEINADO
3. DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA)

Segundo.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2017 acordou, por unanimidade, non admitir no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612) aos licitadores que deseguido se relacionan e polos motivos que se indican:

- CLAUDIO ABALO CARRERA: Por non declarar a solvencia técnica esixida neste procedemento, segundo o previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares. Esta cláusula establece que a solvencia técnica e profesional se acreditará mediante:

“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”.

En coherencia co asesoramento prestado polo director de Réxime Interior de Vigozoo, os contratos declarados polo licitador dentro dos últimos 5 anos non se refiren a prestacións análogas ás do obxecto do contrato, sendo o obxecto do contrato a *“prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo”* (apartado 2a do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares), co detalle previsto na cláusula 1 do prego de prescricións técnicas particulares.

- DIEGO BALLESTEROS PEINADO: Por ter declarado unha solvencia técnica e económica insuficientes segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (*“Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”*) e no seu Anexo II, sen que se tivese emendado durante o prazo concedido para o efecto.

Terceiro.- Na sesión que tivo lugar o 16 de febreiro de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA)	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar, DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese, que de conformidade coa citada cláusula 8, a solvencia técnica acreditarase mediante “Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”. En base a isto, só se terán en conta contratos cun obxecto igual ou similar ao deste contrato, consistente na “prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo” (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP), coas funcións detalladas no prego de prescricións técnicas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Cuarto.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e único licitador admitido, DECORACIÓN Y PAISAJES, S.A. (DYPSA), o día 16 de febreiro de 2017, no enderezo electrónico por el sinalado para os efectos de notificacións, no que se lle concedía un prazo de dez días para presentar a documentación esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP. Transcorrido o referido prazo, que remataba o 2 de marzo de 2017, o citado licitador non presentou a documentación esixida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- De conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP entenderase que o licitador retira a súa oferta de non cumprimentarse adecuadamente no prazo sinalado o requirimento da documentación esixida para a adxudicación do contrato, e procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que tiveran quedado clasificadas as ofertas.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o licitador clasificado en primeiro lugar non cumprimentou o requirimento do artigo 151.2 do TRLCSP no prazo concedido, non habendo máis licitadores admitidos neste procedemento, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

- 1) *“Dar conta da non admisión no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo dos licitadores que deseguido se relacionan e polos seguintes motivos, acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2017:*
 - *CLAUDIO ABALO CARRERA: Por non declarar a solvencia técnica esixida neste procedemento, segundo o previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares. Esta cláusula establece que a solvencia técnica e profesional se acreditará mediante:*
“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”.
En coherencia co asesoramento prestado polo director de Réxime Interior de Vigozoo, os contratos declarados polo licitador dentro dos últimos 5 anos non se refiren a prestacións análogas ás do obxecto do contrato, sendo o obxecto do contrato a “prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo” (apartado 2a do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares), co detalle previsto na cláusula 1 do prego de prescricións técnicas particulares.
 - *DIEGO BALLESTEROS PEINADO: Por ter declarado unha solvencia técnica e económica insuficientes segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do prego de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cláusulas administrativas particulares (“Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”) e no seu Anexo II, sen que se tivese emendado durante o prazo concedido para o efecto.

- 2) *Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo por terse retirado a oferta do licitador clasificado en primeiro lugar e ser este o único licitador admitido”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:10	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA343-E4BCC9-BCDAC7-GAH8K9-VJVA3T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		